

SARABELA TEATRO

SARABELA TEATRO

SARABELA TEATRO

# EL ENO TAMÉN SOÑAR

CON ELENA SEIJO, SABELA GAGO, TITO ASOREY, FINA CALLEJA,  
MATE BORRADO, JOSÉ A. PORTO "JOSITO" o DAVID VARELA

ESCENOGRAFÍA DE ANTONIO PEREIRA  
ILUMINACIÓN DE PEDRO FRESNEDA  
VESTUARIO DE RUTH B. PEREIRA  
DISEÑO DE SON DE ANTONIO GONZÁLEZ  
DISEÑO GRÁFICO DE I. MEDIA  
PRODUCCIÓN DE SUSO RÍEZ & SABELA GAGO  
e-mail: sarabelateatro@yahoo.es / www.sarabelateatro.com

ESCRITA E DIRIXIDA POR ANKELES CUÑA BÓVEDA

# DAME VELENO EU TAMÉN SOÑAR

CON FERNANDO MACOSTA, ELENA SEIJO, SABELA GAGO, TITO ASOREY, FINA CALLEJA,  
MATE BORRADO, JOSÉ A. PORTO "JOSITO" o DAVID VARELA

ESCENOGRAFÍA DE ANTONIO PEREIRA  
ILUMINACIÓN DE PEDRO FRESNEDA  
VESTUARIO DE RUTH B. PEREIRA  
DISEÑO DE SON DE ANTONIO GONZÁLEZ  
DISEÑO GRÁFICO DE I. MEDIA  
PRODUCCIÓN DE SUSO RÍEZ & SABELA GAGO  
e-mail: sarabelateatro@yahoo.es / www.sarabelateatro.com

ESCRITA E DIRIXIDA POR ANKELES CUÑA BÓVEDA

# DAME VELENO EU TAMÉN SOÑAR

CON FERNANDO MACOSTA, ELENA SEIJO, SABELA GAGO, TITO ASOREY, FINA CALLEJA,  
MATE BORRADO, JOSÉ A. PORTO "JOSITO" o DAVID VARELA

ESCENOGRAFÍA DE ANTONIO PEREIRA  
ILUMINACIÓN DE PEDRO FRESNEDA  
VESTUARIO DE RUTH B. PEREIRA  
DISEÑO DE SON DE ANTONIO GONZÁLEZ  
DISEÑO GRÁFICO DE I. MEDIA  
PRODUCCIÓN DE SUSO RÍEZ & SABELA GAGO  
e-mail: sarabelateatro@yahoo.es / www.sarabelateatro.com

ESCRITA E DIRIXIDA POR ANKELES CUÑA BÓVEDA

producida por:

AGADIC

Axencia Galega das  
Industrias Culturais

INSTITUTO GALEGO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

SARABELA

colabora:

campus de ourense

producida por:

AGADIC

Axencia Galega das  
Industrias Culturais

INSTITUTO GALEGO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

SARABELA

campus de ourense

AGADIC

Axencia Galega das  
Industrias Culturais

INSTITUTO GALEGO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

SARABELA

campus de ourense

ESCRITA E DIRIXIDA POR ANKELES CUÑA BÓVEDA

CON FERNANDO MACOSTA, ELENA SEIJO, SABELA GAGO, TITO ASOREY, FINA CALLEJA,  
MATE BORRADO, JOSÉ A. PORTO "JOSITO" o DAVID VARELA

ESCENOGRAFÍA DE ANTONIO PEREIRA  
ILUMINACIÓN DE PEDRO FRESNEDA  
VESTUARIO DE RUTH B. PEREIRA  
DISEÑO DE SON DE ANTONIO GONZÁLEZ  
DISEÑO GRÁFICO DE I. MEDIA  
PRODUCCIÓN DE SUSO RÍEZ & SABELA GAGO  
e-mail: sarabelateatro@yahoo.es / www.sarabelateatro.com

# DAME VELENO EU TAMÉN SOÑAR



## Dame veleno... eu tamén soñar.

*Referencias literarias e artísticas*

**Dame veleno... eu tamén soñar é:**

Un espectáculo de teatro contemporáneo, nunha liña de variación sobre as miradas; cunha biblioteca imaxinaria en escorza e as voces de NÓS prendendo mechas no labirinto dos espellos que se percorren

Unha escrita híbrida, resultante da conxunción de elementos de natureza distinta; composta do cruce de literatura, vida e escenario. Nela combínanse procedementos heteroxéneos procedentes de distintas fontes: Karl Valentín, Berkoff ; T. Berhart; Pinter; Sara Kane; Valle-Inclán; Lorca; e expresión en si mesma para construír unha teatralidade propia.

Entróncase coa forte tradición esperpéntica galega e as correntes actuais, nas que se pon en correlación o mundo poético teatral e a sociedade na que vivimos hoxe.

A dramaturxia é, á vez escrita literaria e escrita escénica xerada antes e despois da experiencia do traballo sobre a táboa, coa contribución dos actores, actrices e do equipo de produción.

Os personaxes non son reais e sen dúbida son absolutamente recoñecibles. Teñen pasado teatral e presente vital. Falan do seu tempo e da súa realidade. Combinan o relato coa teatralidade escénica, para acadar unha linguaxe propia das táboas: multiplicidade narrativa; imaxes superpostas, plasticidade, harmonía entre a luz o vestiario, a maquillaxe, o son, o espazo...

Grazas a este elenco de “poetas que escriben sobre a area” é viable un proxecto destas características, novo reto e novo risco na liña anovadora que caracteriza a SARABELA TEATRO nos seus 28 anos de existencia. Sería impensable abordar unha proposta que require un traballo tan sólido dos intérpretes sen un equipo tan comprometido.

A posta en escena xoga coa memoria imaxinativa e creadora do protagonista que reproduce e transforma imaxes e experiencias vividas; que fai escintilar os seus soños nocturnos e diurnos; que constrúe un canto ao desexo no momento máis difícil da súa existencia.

Busca a liberdade e aperta o espírito picassiano sempre cambiante e á vez asimilador, conxenador, multiplicador e unificador do artista plástico, musical e escénico. O gusto polos tons, polas tramas e os tecidos orais e visuais. Á vez comparsa e protagonista en carne e letra, en sangue e soño.

Dame veleno... eu tamén soñar, descobre, a partir de metáforas poéticas e da experiencia directa da vida, zonas da realidade non visibles dende outras perspectivas. Relacións entre ficción e non-ficción, representación dentro da representación. No tráxico e feliz desenlace, acentúase moito esta permanente “caída” da ficción en brazos do teatro como tarefa humana que se realiza diante dos ollos do espectador; o personaxe desprazado pola visión do corpo afectado do actor e da actriz.

Fai propias as palabras de Shakespeare no “Soño dunha noite de verán” onde o tolo ve máis demos do que o inferno pode conter, o amante ve a beleza..., e o poeta, ardente no seu delirio, vai dos ceos á terra... Loucura, amor e poesía son todo imaxinación.

Sae á busca do desexo que gravita entre a felicidade e a desgraza, o pracer e o sufrimento; coa conciencia do marabilloso poder reparador do amor; coas ganas apremantes de vivir e a certeza dun desenlace irrefreable.

Este espectáculo rexeita a visión rotinaria que leva á preguiza e ao conformismo e convida a vivir coa “alta vixilia do poeta” como dicía Borges, autor que tamén viaxa nesta travesía.

Rebélase contra as leis inxustas prendendo as emocións que chegan aos espectadores con emerxencia e polifonía. Reivindica o dereito á dignidade provocando descargas afectivas, efectos moi poderosos de grande sensibilidade.

# DAME VELENO EU TAMÉN SOÑAR

*escrita e dirixida por*  
**ÁNXELES CUÑA BÓVEDA**



## SINOPSE.

*Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia , tentan comunicarse con ela dende o alén. Un dos seus netos vive coa indefinible sensación do desaxuste co mundo, mentres as súas tías teñen a tola esperanza de poder axudar coas súas accións a facer máis levadeira a existencia dos infelices. Unha parella de actores disposta a non deixarse arrebatarse a súa paixón. Outro neto perdido e recobrado; unha acompañante misteriosa, e un avogado a piques de perder o tren, tecerán un novelo fantástico. Obra para disfrutar das sorprendentes sensacións que nos invaden cando non sabemos que nos espera detrás dunha porta, ou cando tentamos atrapar a verdadeira natureza dun grupo de seres humanos no trebón da vida ao límite.*

**A escenografía**, deseñada por **Antonio Pereira**, é un contexto, unha casa familiar na que se producirá o encontro especial. Complementada con imaxes oníricas e suxerentes seleccionadas por **Suso Díaz**.

O **deseño de luz** de **Pedro Fresneda** permitirá aos personaxes habitar o alén, os espazos verdes da lembranza; dos afectos; da tenrura e dos medos, da ficción e da realidade. Contribuirá xunto co son a crear atmosferas emocionais de alta tensión.

O **deseño de vestiario**, responsabilidade de **Ruth Díaz Pereira** (excelente profesional de cine, teatro e TV), enche de misterio, de imaxinación e harmonía a vida dos oito habitantes da casa e de algún máis.

**Axuda na dirección**, **Nate Borrajo** coa súa ollada atenta, eficaz e eficiente.

**Os técnicos**, sen os que os espectáculos non poderían facerse son: **Suso Díaz, Rubén Dobaño, David Varela e José Manuel Bayón**.

O equipo, incorpora nesta montaxe unha nova **deseñadora de maquillaxe, Cristina Couto**, quen coa súa proposta axuda moito a construír os personaxes.

Pero coma sempre nas nosas postas en escena, o peso o levan **actores e actrices, F.Dacosta, Elena Seijo, Sabela Gago, Tito Asorey, Fina Calleja, Josito Porto, Nate Borrajo e David Varela**, estimuladores que extraen de si mesmos a materia da súa arte. Compoñen un relato segundo os personaxes ficticios propostos polo texto e escritos para eles, por eles e con eles. Mestres dun xogo de enganos, engaden e suprimen, ofrecen e quitan; esculpen no aire o seu corpo movedizo e a súa voz cambiante. Crean un universo de emocións recoñecibles para os espectadores con sensualidade, con emerxencia, cunha polifonía que nos permite descubrir a paisaxe do texto e a necesidade de interrogarnos xunto cos espectadores sobre temas que intensifican a nosa vida, conmovéndonos.

**Creemos que Dame veneno... eu tamén soñar** satisfará, estimulará e conmooverá aos espectadores cos que quere comunicarse e aos que se dirixe porque son a súa razón de existir.



[www.sarabbelateatro.com](http://www.sarabbelateatro.com)

# SARABELLA TEATRO







